

ACTA NÚMERO: 14/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 9 DE ABRIL DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 9 de abril de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- D. Jaime de David Ruibal, Xefe da Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 1 de abril de 2026 (Reunión 13/2026).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Emepremiumsports, S.L. (CIF B70351341) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional "O Gran Camiño 2026". (Expte.- 2026003401).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial La Capital, S.L.U. (CIF B15162068) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do programa conmemorativo do 25 aniversario de Diario de Arousa. (Expte.- 2026007531).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de 18.000 botellas portátiles para o programa "+Convivencia do ano 2026". (Expte.- 2025080367).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín". (Expte.- 2025081794).*
6. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona". (Expte.- 2026002683).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona". (Expte.- 2026002683).*
8. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025062350).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025062350).*
10. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes coa documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infantil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes coas ofertas avaliables mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infantil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, para a contratación, mediante concurso público, do arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra. (Expte.- 2026003713)*



Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 1 de abril de 2026 (Reunión 13/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 1 de abril de 2026 (Reunión 13/2026).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Emepremiumsports, S.L. (CIF B70351341) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional "O Gran Camiño 2026". (Expte.- 2026003401).

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do contrato de patrocinio deportivo da proba ciclista "O Gran Camiño 2026".

No citado acordo se procedeu a invitar á empresa Eze Mosquera Events, S.L. (CIF B70351341), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 27/03/2026.

O representante legal da empresa invitada comunica á Deputación o cambio de denominación social, sendo o nome actual Emepremiumsports, SL, sen que se modificara o CIF da mesma.

A empresa Emepremiumsports, S.L. (CIF B70351341) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	119.008,26 €
IVE (21 %)	24.991,74 €
Importe ofertado con IVE	144.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Emepremiumsports, S.L. (CIF B70351341), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado



para a contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño 2026”.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial La Capital, S.L.U. (CIF B15162068) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do programa conmemorativo do 25 aniversario de Diario de Arousa. (Expte.- 2026007531).

Por Resolución Presidencial RP2026002339 de data 20 de marzo de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario do programa conmemorativo do 25 aniversario do Diario de Arousa.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Editorial La Capital, S.L. (CIF B15162068), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 23/03/2026.

A empresa Editorial La Capital, S.L. (CIF B15162068) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	18.000,00 €
IVE (21 %)	3.780,00 €
Importe ofertado con IVE	21.780,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Editorial La Capital, S.L. (CIF B15162068), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do programa conmemorativo do 25 aniversario do Diario de Arousa.

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de 18.000 botellas porta-líquidos para o programa “+Convivencia do ano 2026”. (Expte.- 2025080367).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial nº 2026001274, de data 16/02/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de 18.000 botellas portalíquidos para o Programa +Convivencia do ano 2026”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/02/2026. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión de data 05/03/2026, procedeu á apertura dos sobres A, correspondentes coa documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- 49523172D ANTONIO MIGUEL RUS MUÑOZ
- B28790475 ALONSO HIPERCAS, S.L.U.
- B70159587 ARDORA COMUNICACIÓN, S.L.
- B66342767 BITPROM INVESTMENTS, S.L.
- B45846714 COARTEGIFT REGALOS PUBLICITARIOS, S.L.
- A36751287 EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.
- B91918433 FRIENDLY LICENSE, S.L.
- B66350471 GLOBAL SOLUTIONS 2014, S.L.
- B39516018 GRUPO TEIBA INTEGRAL SERVICES, S.L.U.
- B99374266 IMPRENTA ONLINE, S.L.
- B63496632 KATACRACK SHIRTS, S.L.
- B82265190 MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L.
- A78470820 NEW LINE 2000, S.A.
- B83616516 ORYBEX MARKETING, S.L.
- B54741905 PRINTER BROK 2010, S.L.
- B40623720 PUBLICARTE GLOBAL, S.L.

Na mesma sesión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos sendo os valores ofertados os seguintes:

LICITADOR	Prezo ofertado sen IVE
ANTONIO MIGUEL RUS MUÑOZ	30.042,00 €
ALONSO HIPERCAS, S.L.U.	30.024,00 €
ARDORA COMUNICACIÓN, S.L.	27.360,00 €
BITPROM INVESTMENTS, S.L.	22.500,00 €
COARTEGIFT REGALOS PUBLICITARIOS, S.L.	23.400,00 €
EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.	27.342,00 €
FRIENDLY LICENSE, S.L.	20.160,00 €



GLOBAL SOLUTIONS 2014, S.L.	23.580,00 €
GRUPO TEIBA INTEGRAL SERVICES, S.L.U.	30.420,00 €
IMPRESA ONLINE, S.L.	23.454,00 €
KATACRACK SHIRTS, S.L.	23.760,00 €
MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L.	25.920,00 €
NEW LINE 2000, S.A.	23.940,00 €
ORYBEX MARKETING, S.L.	16.225,00 €
PRINTER BROK 2010, S.L.	28.098,00 €
PUBLICARTE GLOBAL, S.L.	27.864,00 €

Feitas as valoracións, detéctase que as ofertas formuladas polos licitadores FRIENDLY LICENSE, S.L. (B91918433) e ORYBEX MARKETING, S.L. (B83616516) resultan anormalmente baixas en canto ao prezo, polo que foron requiridas polo Secretario da Mesa de Contratación para que as xustificaran e precisasen as condicións das mesmas, en particular no referente ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxesen para a execución do contrato (NOT2026005339 e NOT2026005338, de data 09/03/2026)

Unha vez atendido o requirimento pola empresa FRIENDLY LICENSE, S.L. (B91918433), (REX_WEB2026018161, de data 10/03/2026), requírese o correspondente informe ó servizo de Benestar Social, o cal foi emitido con data 30/03/2026, concluíndo que a oferta estaba debidamente xustificada (CSV: KNHO0SQ2UZKQCI03) A empresa ORYBEX MARKETING, S.L. (B83616516) non atende o requirimento, e polo tanto a súa oferta non queda xustificada.

Con data 06/04/2026 o servizo de Contratación emite o correspondente informe sobre as puntuacións totais acadadas no procedemento, alcanzando o licitador FRIENDLY LICENSE, S.L. (B91918433) a máxima puntuación.

A Mesa acorda:

- 1) Propor ó órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa ORYBEX MARKETING, S.L. (B83616516), en base ó recollido no informe do servizo de Benestar Social, de data 30/03/2026 (CSV: KNHO0SQ2UZKQCI03), por non xustificar os valores anormais da súa oferta.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1ª	FRIENDLY LICENSE, S.L.	100,000 puntos
2ª	BITPROM INVESTMENTS, S.L.	83,169 puntos
3ª	COARTEGIFT REGALOS PUBLICITARIOS, S.L.	76,696 puntos
4ª	IMPRESA ONLINE, S.L.	76,308 puntos



5ª	GLOBAL SOLUTIONS 2014, S.L	75,401 puntos
6ª	KATACRACK SHIRTS, S.L	74,107 puntos
7ª	NEW LINE 2000, S.A.	72,812 puntos
8ª	MASTER TOUCH PUBLICIDAD, S.L.	58,341 puntos
9ª	EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES	42,875 puntos
10ª	ARDORA COMUNICACIÓN, S.L.	42,679 puntos
11ª	PUBLICARTE GLOBAL, S.L	37,197 puntos
12ª	PRINTER BROK 2010, S.L.	34,652 puntos
13ª	ALONSO HIPERCAS, S.L.U	13,704 puntos
14ª	ANTONIO MIGUEL RUS MUÑOZ	13,508 puntos
15ª	GRUPO TEIBA INTEGRAL SERVICES, S.L.U.	9,397 puntos

- 3) Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato á empresa FRIENDLY LICENSE, S.L. (B91918433), que acada a máxima puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento,

5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín". (Expte.- 2025081794).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria 6 de marzo de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1203 O Campo-Pardavila. Concello de Marín".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:



1. Admitir a seguinte empresas:
 - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861).
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avallén e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

6. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres “A” correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”. (Expte.- 2026002683).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria 13 de febreiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 12 de marzo de 2026 procedeu á apertura dos sobres “A”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 7 de abril de 2026, elaboraron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:



LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	20,00	3,00	23,00
NAROM SL	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	2,00	20,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	18,00	1,00	19,00
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	14,00	2,00	16,00

A Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 7 de abril de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona".

7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avialable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona". (Expte.- 2026002683).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona".

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	23,00
NAROM SL	23,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	19,00
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	16,00



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	764.787,77 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	768.120,71 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	751.699,88 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	739.233,94 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	808.359,87 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, NAROM, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

8. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliábeis mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025062350).



A Presidenta da Mesa de Contratación decide retirar o asunto da orde do día en base á petición efectuada polo Secretario para poder realizar un mellor estudio do informe técnico que serve de base á valoración da documentación do sobre “B”.

9. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto convocado para a contratación da obra "Reforma e adecuación do centro de transformación, quadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2025062350).

A Presidenta da Mesa de Contratación decide retirar o asunto da orde do día ao non chegar a efectuarse a aprobación das valoracións técnicas do sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor.

10. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes coa documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial nº 2026000910, de data 05/02/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 05/02/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto. Mediante Resolución Presidencial nº2026001345, de data 19/02/2026, rectificáanse os pregos e reiniciase o prazo de presentación de ofertas.

As empresas admitidas foron as seguintes;

- GERALVEZ PROYECTOS CONTRAC, S.L. (B88404538)
- GONZALEZ HOGAR Y MODA, S.L. (B36252328)
- REDESS DESCANSO, S.L. (B14568497)
- COOMEX ACTIVO, S.L. (B13878624)
- GALERIAS CAMELLO MUEBLES, S.L. (B06157960)

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 12/03/2026, procedeuse á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes ás ofertas avaliables mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas ó procedemento referenciado.

Unha vez descargadas as ofertas, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica ó servizo de Centro Príncipe Felipe.



Con data 08/04/2026, a Xefa do servizo Centro Príncipe Felipe emitíu o correspondente informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: 3WWHYLWLPHF9JTT4).

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:

- 1) Propor ao órgano de contratación excluír do procedemento de licitación á empresa, González Hogar y Moda, S.L. (CIF: B36252328), por incluír información económica da súa oferta na proposta presentada no sobre B.
- 2) Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas na valoración da documentación técnica dos Sobres "B".

Empresa licitadora	Deseño estético e adaptabilidade	Calidade dos materiais	Puntuación total
COMEX ACTIVO, S.L.	18,0	10,0	28,0
GALERÍAS CAMELLO MUEBLES, S.L.	5,0	1,5	6,5
GERÁLVEZ PROYECTOS CONTRACT, S.L.	14,0	8,0	22,0
REDESS DESCANSO, S.L.	9,0	13,0	22,0

- 3) Proceder á apertura dos Sobres "C", relativos ás ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, das empresas admitidas.

11. Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infantil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.-2025052299).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos Sobres "B", procédese a continuación á apertura dos Sobres "C", correspondentes coas ofertas avaliadas mediante fórmulas, das empresas admitidas que non resultaron excluídas.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres “C”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

GALERÍAS CAMELLO MUEBLES, S.L. (B06157960)

Importe sen o IVE:	69.200,00 €
IVE (21 %):	14.532,00 €
Importe total ofertado	83.732,00 €

COMEX ACTIVO, S.L. (B13878624)

Importe sen o IVE:	56.671,85 €
IVE (21 %):	11.901,09 €
Importe total ofertado	68.572,94 €

REDESS DESCANSO, S.L. (B14568497)

Importe sen o IVE:	77.202,00 €
IVE (21 %):	16.212,42 €
Importe total ofertado	93.414,42 €

GERALVEZ PROYECTOS Y CONTRAC, S.L. (B88404538)

Importe sen o IVE:	56.995,18 €
IVE (21 %):	11.969,89 €
Importe total ofertado	68.964,00 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP,



resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

12. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, para a contratación, mediante concurso público, do arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra. (Expte.- 2026003713)

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial número 2026002037 aprobouse o expediente para a contratación mediante concurso público, do "Arrendamento dun inmovible en Pontevedra con destino a nave almacén do Museo de Pontevedra".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no BOPPO con data 20 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir a seguinte empresa:
 - OBRAS, PROYECTOS Y ACTIVIDADES S.L
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Museo de Pontevedra, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento mediante concurso público.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

